

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

8563 *Real decreto 547/2013, do 19 de xullo, polo que se establecen normas básicas en canto ao establecemento de circunscricións económicas e a extensión de normas no sector de froitas e hortalizas.*

O Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, que crea unha organización común de mercados agrícolas e establece disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM), dispón no número 1 do artigo 125 septies que, en caso de que unha organización de produtores do sector das froitas e hortalizas exerza as súas actividades nunha circunscrición económica determinada e sexa considerada, con relación a un produto dado, representativa da produción e dos produtores desa circunscrición, o Estado membro interesado poderá, por solicitude desa organización, impor con carácter obrigatorio aos produtores establecidos nesa circunscrición económica que non pertencen á organización de produtores o cumprimento de normas en materia de notificación da produción, comercialización e protección do ambiente, ben como de promoción e comunicación no marco de prevención e xestión de crise. A lista exhaustiva das normas que poden facerse extensivas figuran no anexo XVI bis do citado regulamento. Cómpre, por tanto, establecer o procedemento que seguirán tanto as organizacións de produtores como a Administración para poder levar a cabo no territorio español estas extensións de normas e, asemade, procedementos diferentes para o caso de que se leven a cabo en circunscricións cuxo ámbito xeográfico estea nunha ou en varias comunidades autónomas.

O número 2 deste mesmo artigo 125 septies define o concepto de circunscrición económica dunha forma xenérica, o que fai necesario o seu desenvolvemento a nivel dos Estados membros. Por outra parte, o citado artigo, no seu número 3, establece uns requisitos de representatividade que as organizacións de produtores deben cumprir dentro das circunscricións económicas para poderen solicitar extensións de normas. Para poder ter a certeza de que as entidades solicitantes de extensións de norma cumpren eses requisitos de representatividade, precísase a elaboración e o mantemento actualizado dun censo de produtores do produto para o cal se establece a circunscrición económica.

O citado Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro, no seu artigo 125 undecies, establece que, para efectos de extensión de norma, toda referencia ás organizacións de produtores se entenderá como unha referencia ás asociacións de organizacións de produtores recoñecidas.

O artigo 125 octies do regulamento citado e o artigo 129 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño, que establece disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello nos sectores de froitas e hortalizas e froitas e hortalizas transformadas, establecen que os Estados membros deben comunicar á Comisión da Unión Europea as normas obxecto de extensión, para que, pola súa vez, sexan publicadas polos medios que considere oportunos.

Na tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de xullo de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposiciones preliminares

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten como obxecto establecer normas básicas para o establecemento de circunscricións económicas e a extensión de normas previstas nos artigos 125 septies a 125 undecies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, que crea unha organización común de mercados agrícolas e establece disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único para as OCM).

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As disposicións do presente real decreto aplicaranse aos produtores e ás organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas recoñecidas en virtude do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007; e toda referencia ás organizacións de produtores se entenderá como unha referencia ás asociacións de organizacións de produtores recoñecidas en virtude do mesmo regulamento.

Artigo 3. *Órganos competentes.*

Os órganos competentes para o establecemento, xestión e control das circunscricións económicas e da extensión de normas serán os órganos da Administración establecidos para isto polas comunidades autónomas.

CAPÍTULO II

Circunscricións económicas

Artigo 4. *Parámetros que definen as circunscricións económicas.*

As circunscricións económicas recollidas no número 2 do artigo 125 septies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, defínense cos seguintes parámetros:

- a) Produto ou produtos afectados pola circunscrición.
- b) Condicións de produción e comercialización homoxéneas do produto ou produtos polos cales se establece a circunscrición.
- c) Delimitación xeográfica da circunscrición, definida coa relación dos termos municipais que abrangue.

Artigo 5. *Establecemento de circunscricións económicas.*

1. As solicitudes de establecemento de circunscricións económicas deberán ser presentadas por unha ou varias organizacións de produtores, e poderán abranguer municipios situados nunha ou en varias comunidades autónomas, sempre que se xustifique a homoxeneidade das condicións de produción e comercialización do produto ou produtos afectados, particularmente canto a calendarios e circuítos de produción e comercialización.

2. Para unha ou varias organizacións de produtores poderen solicitar o establecemento dunha circunscrición para un produto determinado, o seu volume de produción respecto dese produto dentro da circunscrición proposta deberá supor, ao menos, o 50 por cento do volume de produción total do produto na circunscrición.

3. As solicitudes débense dirixir aos órganos competentes das comunidades autónomas segundo o disposto nos artigos 6 e 7 do presente real decreto, e deberán ir acompañadas, ao menos, de:

- a) Datos identificativos da entidade ou entidades solicitantes.
- b) Produto ou produtos para os cales se solicita o establecemento da circunscrición.
- c) Relación detallada dos municipios e da superficie que abranguería a circunscrición, distribuídos por comunidades autónomas, en soporte papel e soporte informático. No caso de que o ámbito xeográfico sexa superior a unha comunidade autónoma, a citada información remitirase desagregada por comunidades.
- d) Memoria que xustifique a homoxeneidade da produción e comercialización do produto para o cal se quere establecer a circunscrición.
- e) Datos das superficies da organización e demais información que demostren a representatividade mencionada no número 2 do presente artigo, en soporte de papel e en soporte informático. No caso de que sexan varias organizacións as solicitantes, esta información presentarase desagregada por organizacións, co mesmo formato para todas, ademais de totalizada.

4. As comunidades autónomas que reciban unha solicitude de establecemento dunha circunscrición económica, antes da comunicación da proposta de establecemento mencionada no número 5 do presente artigo, se consideran fundamentada a solicitude atendendo principalmente aos criterios de acreditada ou posible futura representatividade da organización ou organizacións solicitantes a que se refiren os artigos 125 septies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, 129 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño, e 10 do presente real decreto, deberán elaborar o censo de produtores establecido no artigo 9 do presente real decreto correspondente á superficie do produto que estiver baixo o seu ámbito xeográfico, con obxecto de verificar a representatividade establecida no número 2 deste artigo.

A xestión e resolución da solicitude de establecemento dunha circunscrición económica por parte do órgano competente da comunidade autónoma realizarase, segundo o ámbito xeográfico, de acordo co disposto nos artigos 6 e 7 do presente real decreto, e o prazo máximo para resolver será de seis meses, transcorrido o cal, se non se ditou e notificou a resolución correspondente, os interesados poderán entender estimada a súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 43.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. As comunidades autónomas que desexen establecer unha circunscrición económica deberán, previamente ao seu establecemento, comunicalo á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para a súa notificación á Comisión da Unión Europea para os efectos do segundo e terceiro parágrafo do número 2 do artigo 125 septies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007. Esta comunicación deberá ir acompañada de toda a información necesaria para avaliar o cumprimento das condicións previstas no número citado e deberá incluír, ao menos:

- a) O produto ou produtos para os cales se establece a circunscrición.
- b) Un relatorio que xustifique a homoxeneidade da produción e comercialización do produto para o cal se quere establecer a circunscrición e a representatividade da organización ou organizacións solicitantes.
- c) Unha relación detallada dos municipios constituíntes da circunscrición, distribuídos por comunidades autónomas.
- d) Un mapa en que figuren sinalados os municipios e as comunidades autónomas que abrangue a circunscrición, no cal se indique o número de produtores e a superficie e o volume de produción en cada comunidade autónoma do produto ou produtos para os cales se pretende establecer a circunscrición.

6. Após a decisión adoptada pola Comisión da Unión Europea, a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente informará as comunidades autónomas afectadas da decisión adoptada. En caso de aprobación, a comunidade competente no establecemento da circunscrición deberá facer pública a seguinte información relativa a cada circunscrición:

- a) O establecemento da circunscrición.
- b) Os municipios afectados.
- c) Os produtos para os cales se define a circunscrición.

Artigo 6. *Establecemento de circunscricións económicas que non superen o ámbito xeográfico dunha comunidade autónoma.*

1. As solicitudes de establecemento de circunscricións económicas que non superen o ámbito xeográfico dunha comunidade autónoma deberán dirixirse ao órgano competente da comunidade autónoma onde estea situada a súa superficie.

2. A comunidade autónoma receptora da solicitude, despois de estudala e unha vez comprobado o cumprimento do exixido no primeiro parágrafo do número 2 do artigo 125 septies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, e o establecido no presente real decreto para os efectos, resolverá a solicitude denegándoa ou tramitándoa para a súa aprobación segundo o previsto nos números 4, 5 e 6 do artigo 5 do presente real decreto.

Artigo 7. *Establecemento de circunscricións económicas que superen o ámbito xeográfico dunha comunidade autónoma.*

1. As solicitudes de establecemento de circunscricións económicas que superen o ámbito xeográfico dunha comunidade autónoma deberán dirixirse, completas, a cada un dos órganos competentes das comunidades autónomas en que haxa superficie para incluír na circunscrición.

2. A comunidade autónoma en que a superficie de produción do produto para o cal se solicita a circunscrición sexa maior será a competente no seu establecemento, e para isto deberase coordinar e obter un informe favorable de todas e cada unha das comunidades autónomas afectadas. Para estes efectos, dirixirase ás citadas comunidades para:

a) Informar sobre os criterios que determinan a homoxeneidade da produción e comercialización da zona afectada, que xustifiquen, se for o caso, a consideración da superficie xeográfica correspondente para a constitución da circunscrición.

b) Solicitar un informe sobre a conveniencia e viabilidade do establecemento da circunscrición.

c) Coordinar a elaboración do censo de produtores, mencionado no número 4 do artigo 5 do presente real decreto, correspondente á circunscrición.

d) Manter informadas as comunidades autónomas afectadas da resolución e tramitación do establecemento da circunscrición económica, así como de calquera feito relevante que a afecte.

3. Neste caso, cada unha das comunidades autónomas afectadas deberá colaborar co órgano competente no establecemento da circunscrición para que este poida resolver en prazo a solicitude, e elaborará e responsabilizarase do censo mencionado no artigo 9 do presente real decreto, correspondente á superficie e ao volume de produción dos produtores que estean baixo o seu ámbito xeográfico.

Artigo 8. *Modificación das circunscricións económicas establecidas.*

Para a modificación das circunscricións económicas aplicarase o disposto para o seu establecemento no presente real decreto.

Artigo 9. *Censo de produtores da circunscrición económica.*

1. O censo de produtores mencionado no número 4 do artigo 5 do presente real decreto deberase referir a todos os produtores do produto para o cal se establece a circunscrición que exerzan a súa actividade no ámbito xeográfico dela, e deberá recoller, ao menos:

- a) Os datos identificativos dos produtores, incluído o seu domicilio para notificacións.
- b) Os datos identificativos da superficie e o volume de produción do produto en cuestión de cada produtor, especificando:

- 1.º Que parte é ecolóxica.
- 2.º O seu destino, no caso de que vaia á transformación no marco dun contrato asinado antes do inicio da campaña de comercialización.

2. O censo non deberá incluír os produtores, nin as súas superficies nin producións, cuxa produción se destine esencialmente á venda directa ao consumidor na explotación ou na súa zona de produción.

3. Para efectos da realización e actualización do censo:

a) Os produtores de produtos para os cales se vaia establecer ou se teña establecido unha circunscrición económica deberán declarar ante a comunidade autónoma onde estea situada a súa superficie, no momento de elaboración do censo e coa periodicidade fixada na seguinte alínea, a produción obtida na campaña anterior nas parcelas situadas nos municipios que compoñen a circunscrición económica e a identificación da superficie de obtención, segundo o que establezan os órganos competentes das comunidades autónomas.

b) A actualización do censo deberase realizar en cada campaña de comercialización, excepto nos casos en que durante tres campañas consecutivas desde a súa elaboración ou a súa última actualización non se declarase obrigatoria ningunha norma en aplicación do número 1 do artigo 125 septies do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007. Neste último caso, as comunidades autónomas con ámbito xeográfico na circunscrición en cuestión decidirán a periodicidade da súa actualización.

c) As comunidades autónomas velarán por que os rendementos obtidos a partir das declaracións mencionadas na alínea a) concorden coa realidade.

CAPÍTULO III

Extensión de normas

Artigo 10. *Representatividade dunha organización de produtores no ámbito dunha circunscrición económica para efectos de extensión de normas.*

Para o cálculo da representatividade mencionada no número 3 do artigo 125 septies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, a cal deberá basearse no censo establecido no artigo 9 do presente real decreto, e en virtude do disposto no citado precepto e no número 2 do artigo 129 do Regulamento (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello nos sectores de froitas e hortalizas e froitas e hortalizas transformadas, non se terán en conta:

a) As producións e os produtores cuxa produción se destine na súa totalidade á venda directa ao consumidor nas súas explotacións ou na súa zona de produción.

b) A produción entregada á transformación no marco dun contrato asinado antes do inicio da campaña de comercialización en que vaia ter lugar a extensión de normas, excepto se as normas que se pretenden impor afectan estes produtos.

c) A produción e os produtores de produtos ecolóxicos, excepto se ao menos o 50 por cento deste tipo de produtores da circunscrición acordan a adopción da norma que se

pretende estender e se a organización de produtores que propón a extensión da norma representa ao menos o 60 por cento da produción ecolóxica da circunscrición.

Artigo 11. *Extensión de normas en circunscricións económicas que non superen o ámbito xeográfico dunha comunidade autónoma.*

1. Cando unha organización de produtores que exerza as súas actividades nunha circunscrición económica determinada e sexa considerada con relación a un produto dado representativa da produción e dos produtores desa circunscrición, segundo os parámetros establecidos no artigo 10 do presente real decreto, pretenda, en virtude do disposto no número 1 do artigo 125 septies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, impor con carácter obrigatorio aos produtores establecidos nesa circunscrición que non pertencen á organización de produtores o cumprimento dalgunha ou dalgunhas das normas previstas no citado número, deberá solicitalo ante o órgano competente da comunidade autónoma en que estea situada a circunscrición económica, a cal será a competente na resolución da extensión de normas solicitada.

2. A solicitude de extensión de normas das organizacións de produtores solicitantes deberá incluír, ao menos:

a) O número e a identificación dos produtores do produto sobre o cal se desexa impor as normas, que exerzan a súa actividade dentro da circunscrición e que estean asociados á súa organización, referidos ao momento da solicitude.

b) O volume de produción comercializada do produto sobre o cal se queiran impor as normas, correspondente á última campaña de comercialización de que se teñan datos dispoñibles, procedente dos produtores asociados á súa organización. Esta información deberá precisar que parte da produción é ecolóxica e o destino das producións de cada produtor no que se refire a se vai ou non á transformación no marco dun contrato asinado antes do inicio da campaña de comercialización.

c) Certificado da acta da asemblea, consello reitor ou de administración, ou outro órgano correspondente competente, da organización, acreditativo da adopción do acordo de solicitude de extensión de normas e que inclúa o texto íntegro. Este acordo deberá recoller o procedemento de control e seguimento do cumprimento da extensión de normas.

d) Relatorio xustificativo e económico que fundamente a extensión de normas solicitada.

e) As normas que pretende impor.

f) A data a partir da cal a organización de produtores leva aplicando as normas que desexa impor e os motivos que a levan a isto.

g) A data a partir da cal desexa que sexan impostas as normas e o período de aplicación.

h) En caso de que o período de aplicación sexa superior a unha campaña de comercialización, o compromiso da organización de remitir durante cada campaña de comercialización en que se pretendan impor as normas aos órganos competentes das comunidades autónomas afectadas a información que permita comprobar as condicións de representatividade establecidas no número 3 do artigo 125 septies do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007.

3. O órgano competente da comunidade autónoma procederá a analizar a veracidade da documentación presentada e a comprobar a representatividade da organización de produtores solicitante no conxunto da circunscrición económica, así como a coherencia das normas que se queren estender e se se axustan e cumpren o disposto nos artigos 125 septies do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, e 129 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, e 15 do presente real decreto.

Á vista da análise e das comprobacións recollidas no parágrafo anterior, a comunidade autónoma correspondente procederá, se for o caso, a declarar obrigatorias para o conxunto dos produtores do produto en cuestión da circunscrición económica as normas solicitadas durante o período solicitado.

O prazo máximo para resolver será de tres meses, transcorrido o cal, se non se ditou e notificou a resolución correspondente, os interesados poderán entender estimada a súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 43.1 da Lei 30/1992.

4. As comunidades autónomas comunicarán, sen demora, as normas que impuxesen con carácter obrigatorio ao conxunto dos produtores dunha circunscrición económica conforme o número 1 do artigo 125 septies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a súa transmisión á Comisión da Unión Europea, tal e como dispón o artigo 125 octies dese regulamento. A comunicación deberá conter os seguintes datos:

- a) O produto afectado pola extensión de normas.
- b) As normas impostas.
- c) A circunscrición económica afectada.
- d) Certificación do nivel de representatividade dos solicitantes a que se refire o número 3 do artigo 125 septies do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007.
- e) Os elementos determinados no número 1 do artigo 129 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011.

5. A organización de produtores que solicite unha extensión de normas deberá dispor dos medios necesarios para velar por que se cumpran no ámbito xeográfico da circunscrición.

Artigo 12. Extensión de normas en circunscricións económicas que superen o ámbito xeográfico dunha comunidade autónoma.

1. Cando a extensión de normas se vaia aplicar nunha circunscrición económica que supere o ámbito xeográfico dunha comunidade autónoma, a solicitude completa deberá dirixirse aos órganos competentes de todas as comunidades autónomas afectadas, aínda que a resolución da extensión de normas corresponderá ao órgano competente da comunidade que estableceu a circunscrición económica.

2. Os requisitos para solicitar unha extensión de normas e a información e documentación que deberá acompañar a solicitude será a mesma que no caso da extensión de normas en circunscricións económicas que non superen o ámbito xeográfico dunha comunidade autónoma.

3. As comunidades afectadas en virtude do número 1 do presente artigo remitirán á comunidade autónoma competente na resolución da extensión de normas, no prazo máximo dun mes desde a presentación da solicitude, ao menos:

- a) Un informe sobre a conveniencia ou non da solicitude presentada.
- b) Con obxecto de determinar a representatividade establecida no artigo 10 do presente real decreto, o número, a superficie e o volume, obtido do censo mencionado no artigo 9 do presente real decreto, dos produtores do produto para o cal se solicitou a extensión de normas que exerzan a súa actividade dentro do seu ámbito xeográfico, actualizados até o momento de presentación da solicitude.
- c) Para efectos de verificar o cumprimento do disposto no artigo 15 do presente real decreto, un informe sobre a coincidencia, e posible distorsión, que supón a extensión da norma solicitada fronte ás normas que se estean a aplicar no ámbito xeográfico da circunscrición afectada dentro da súa comunidade, por parte de calquera organización interprofesional en virtude da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias.

4. Á vista do estudo da solicitude presentada, da información remitida polas comunidades autónomas afectadas, dos datos relativos ao número de produtores e produción representada pola solicitante, e da realización dos controis recollidos no número 3 do artigo 11 do presente real decreto para as extensións de normas en circunscricións económicas que non superen o ámbito xeográfico dunha comunidade autónoma, o órgano competente da comunidade autónoma decidirá e resolverá sobre a declaración de obrigatoriedade das normas en cuestión, no prazo establecido no citado número.

5. A resolución deberá ser notificada, ademais de aos interesados, ás comunidades autónomas afectadas e á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. En caso de ser estimatoria, a citada dirección xeral procederá á súa transmisión á Comisión da Unión Europea, para os efectos do artigo 125 octies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007. A comunicación deberá conter os datos sinalados no número 4 do artigo 11 do presente real decreto.

6. A organización de produtores que solicite unha extensión de normas deberá dispor dos medios necesarios para velar polo cumprimento das normas que se van impor, no ámbito xeográfico da circunscrición.

Artigo 13. *Contribucións financeiras dos produtores non asociados.*

1. A organización de produtores demandante dunha extensión de norma poderá solicitar, xunto coa solicitude de extensión de normas, que os produtores da circunscrición económica que non sexan membros dela aboem á organización a parte das contribucións financeiras pagadas polos produtores membros, de acordo co artigo 125 decies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, baixo os principios de proporcionalidade en contía respecto aos custos das accións e a representatividade de cada un dos produtores dentro da circunscrición, e de non discriminación con respecto aos membros da organización. Estes principios aplicaranse tanto para determinar a contribución dos produtores non pertencentes á organización como a dos pertencentes a ela.

De acordo con eses principios, a contribución dos produtores integrantes da organización de produtores demandante da extensión de norma nunca poderá ser inferior á parte proporcional da representatividade que teñen en relación coa totalidade da circunscrición.

2. A petición deberase dirixir ao órgano que declarou obrigatorias as normas, con indicación do importe unitario que se pretende introducir e presentando a base do cálculo e a documentación que a xustifique, así como o beneficiario ou beneficiarios das contribucións e o destino destas, dentro dos determinados nas alíneas a) e b) do artigo 125 decies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007. O dito órgano será competente para resolver motivadamente a solicitude.

3. O órgano competente mencionado no anterior número 2 determinará se procede, en virtude do disposto polo artigo 125 decies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, que os produtores non asociados á organización de produtores aboem a esta a parte das contribucións pagadas polos produtores asociados.

4. O prazo máximo para resolver será o mesmo que o establecido para as extensións de normas.

5. En caso de que sexa procedente a contribución citada no parágrafo anterior, a comunidade autónoma deberá establecer o seu importe, o beneficiario ou beneficiarios e a natureza dos gastos a que fai referencia o artigo 125 decies do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, e deberá remitir a información a que se refire o primeiro parágrafo do artigo 130 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para a súa transmisión á Comisión da Unión Europea.

Artigo 14. *Anulación, control e seguimento.*

1. As comunidades autónomas deberán controlar as condicións de representatividade a que fai referencia o artigo 10 do presente real decreto durante todo o período en que se leven a cabo extensións de normas.

2. Se, como consecuencia dos controis de condicións de representatividade mencionados no primeiro parágrafo do artigo 131 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, ou por calquera outro motivo, os órganos competentes das comunidades autónomas procederen a anular extensións de normas e, por tanto, o pagamento das contribucións correspondentes dos produtores non asociados, deberán informar inmediatamente a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, para efectos da comunicación establecida no terceiro parágrafo do artigo 131 do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011.

Neste caso, a entidade que solicitou a extensión de norma deberá reintegrar as cantidades recadadas durante a campaña de comercialización en curso, se for o caso, e nun prazo máximo de tres meses, aos produtores da circunscrición económica que non sexan membros dela.

3. O control e seguimento do cumprimento dos acordos de extensión de normas deberá ser realizado pola organización de produtores solicitante, a través dun procedemento establecido polos seus órganos de goberno.

A organización de produtores que realice o control e seguimento poderá denunciar ante os órganos xurisdicionais e administrativos competentes os incumprimentos e as actuacións contrarias á extensión de normas impostas.

4. As comunidades autónomas, no ámbito das súas competencias, poderán realizar inspeccións, controis e os seguimentos que considere pertinentes sobre o cumprimento das normas impostas no ámbito xeográfico da súa comunidade autónoma. En caso de extensión de normas en circunscricións económicas cuxo ámbito sexa superior a unha comunidade, a coordinación dos controis será realizada pola comunidade que estableceu a circunscrición, e deberá manter informadas todas as comunidades afectadas, as cales deberán colaborar con ela en todo o relativo ao cumprimento da extensión de normas impostas.

CAPÍTULO IV

Coordinación entre as organizacións de produtores e as organizacións interprofesionais

Artigo 15. *Coordinación na extensión de normas entre as organizacións de produtores e as organizacións interprofesionais.*

1. Cando na zona afectada por unha circunscrición económica se estea aplicando unha extensión de norma autorizada, por solicitude dunha organización de produtores en virtude do artigo 125 septies do Regulamento (CE) 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, e do presente real decreto, ou dunha organización interprofesional en virtude do artigo 125 terdecies do mesmo regulamento ou da Lei 38/1994, do 30 de decembro, non poderán autorizarse nos ditos ámbitos xeográficos outras extensións de normas previstas no citado regulamento ou na Lei 38/1994, do 30 de decembro, que coincidan ou sexan contrarias, distorsionen ou poidan distorsionar a aplicación da que está xa autorizada, durante o período que dure a imposición.

2. O disposto no número 1 será, así mesmo, de aplicación á autorización das contribucións financeiras dos produtores non asociados.

CAPÍTULO V

Réxime sancionador

Artigo 16. *Réxime aplicable e órganos competentes.*

1. As infraccións cometidas contra o disposto neste real decreto serán sancionadas de acordo co establecido na normativa vixente, estatal ou autonómica, de aplicación, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde a que puideren dar lugar.

2. En caso de incumprimentos relativos a circunscricións económicas ou extensión de normas cuxo ámbito sexa superior a unha comunidade autónoma, a tramitación e coordinación do procedemento sancionador corresponderá á comunidade autónoma que estableceu a circunscrición, e que debe manter informadas todas as comunidades afectadas, as cales deberán colaborar con ela en todo o relativo ao procedemento.

Disposición adicional única. *Adecuación da cualificación de circunscricións económicas.*

As circunscricións económicas aprobadas pola Comisión da Unión Europea con anterioridade á publicación do presente real decreto deberán adaptarse a el nun prazo de seis meses a partir da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, e quedarán anuladas aquelas que non procedan a tal adaptación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 430/2000, do 31 de marzo, polo que se regula o establecemento de circunscricións económicas e a extensión de normas no sector de froitas e hortalizas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase de conformidade co establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de xullo de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE